



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA (SERVIZOS CENTRAIS)
SANTAGO DE COMPOSTELA

Data 23/04/2019 13.53.41

SAÍDA 2255 / RX 601951



Sra. Alcadesa-Presidenta do Concello de Viveiro
Praza Maior 1
27850 – Viveiro
Lugo

Estimada Alcadesa:

Con data 13 de marzo de 2019 enviou un escrito a Augas de Galicia no que trasladaba a decisión da corporación municipal de iniciar os traballos de elaboración do Plan de actuación municipal de inundacións do concello de Viveiro e solicitaba información sobre as áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do seu concello.

En contestación a ese escrito enviábase unha nota do Servizo de Planificación de Augas de Galicia explicando toda a información dispoñible e recompilada, que se xunta nun CD. Con respecto a esta cuestión, poñémonos á súa disposición para aclarar calquera dúbida ou cuestión.

Por outra banda, como ben sabe, como parte das actuacións que se están levando a cabo por Augas de Galicia na ARPSI fluvial ES014-LU-170101 RÍO FONTECOVA (VIVEIRO), situada no seu concello, tense realizado un plan específico de xestión do risco de inundación nesa zona. Nel se identificaron os puntos cun maior risco e se propuxeron distintas medidas de prevención, de protección e de recuperación para a súa minimización. Ademais, con respecto ás medidas de protección, por afectaren a tramos urbanos da súa competencia, se propuxeron distintas alternativas. Todas as opcións formuladas teñen uns obxectivos desde un punto de vista hidrolóxico – hidráulico similares, aínda que asociadas a distintos períodos de retorno, considerándose a peor elección non adoptar ningunha decisión para mellorar a situación actual. As principais diferencias nas distintas alternativas teñen efectos sobre a implantación territorial, a compatibilidade coas formulacións de carácter fundamentalmente urbanístico que se estean a realizar no seu concello e cos usos e actividades que actualmente se desenvolven nesa zona.

A memoria dese plan foi enviada ao seu concello con data 15 de marzo de 2019. Segundo pon de manifesto no seu escrito de data 5 de abril de 2019, aínda non se concretou a decisión sobre a mellor opción para o seu concello. Debido ao alcance das actuacións analizadas e dado que todas elas son viables no marco das competencias de Augas de Galicia, a través do presente escrito queríamos insistir na necesidade e importancia de que o concello de Viveiro, xunto coa súa veciñanza, indique cal é a mellor opción das formuladas que mellor encaixa na súa planificación para o núcleo de Fontecova, de tal xeito que sexa compatible coas demais accións, usos e actividades que se teña previsto levar a cabo nese ámbito territorial.



Xacobeo 2021

Os datos persoais que puidera conter este documento serán tratados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e atópanse recollidos nun ficheiro debidamente inscrito na AEPD, responsabilidade de Augas de Galicia, coa exclusiva finalidade da tramitación e xestión do presente procedemento. Só se procederá á cesión naqueles casos explicitamente considerados na lei. Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, que poderán solicitar por escrito a Augas de Galicia, Plaza Camilo Díaz Baliño 7-9, 15704 Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a augasdegalicia@xunta.gal





Augas de Galicia, dentro das súas competencias, fixo o plan específico que lles remitimos e ofrece a súa colaboración para, xunto co concello e a deputación provincial, realizar as actuacións previstas no dito plan. A decisión sobre a solución a implantar cando existen varias alternativas lle corresponde ao Concello que ten para isto toda a información.

Do mesmo modo, reiteramos unha vez máis a nosa dispoñibilidade para explicar polo miúdo as análises realizadas no marco do plan específico de xestión do risco de inundación e para colaborar no desenvolvemento das actuacións derivadas do devandito plan que o concello decida que se leven a cabo.

Santiago de Compostela,
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: GUTIÉRREZ LÓPEZ, TERESA MARIA
Cargo: Directora de Augas de Galicia
Data e hora: 23/04/2018 09:24:57

CVE: VB5LWYpT7
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021

Os datos persoais que puidera conter este documento serán tratados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e atópanse recollidos nun ficheiro debidamente inscrito na AEPD, responsabilidade de Augas de Galicia, coa exclusiva finalidade da tramitación e xestión do presente procedemento. Só se procederá á cesión naqueles casos explicitamente considerados na lei. Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, que poderán solicitar por escrito a Augas de Galicia, Plaza Camilo Díaz Baliño 7-9, 15704 Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a augasdegalicia@xunta.gal

